

PREZO PÚBLICO Núm. 1**REGULADOR DO PREZO PÚBLICO POR PRESTACIÓN DE SERVICIOS NA MÁQUINA COPIADORA, PROPIEDAD MUNICIPAL, ÓS PARTICULARES QUE O SOLICITEN****Artigo 1 :Concepto**

De conformidade co previsto no art. 117 da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, este Concello establece o prezo público pola prestación de servizo na máquina copiadora e equipo de tratamento de datos propiedade municipal ós particulares que o soliciten, especificados nas tarifas contidas nos artigos 3º da presente ordenanza.

Artigo 2: Obriguados ó pagamento

Está obrigado ó pagamento do prezo público regulado nesta ordenanza quen se beneficie dos servizos ou actividades realizadas por este Concello, ós que se refire o artigo anterior.

A utilización dos servizos do ordenador requerirá autorización escrita da Alcaldía, quedando garantida a imposibilidade de acceder á información municipal, e respectando as normas vixentes en materia de protección ós dereitos ó honor, intimidade e segredo estatístico.

Artigo 3 : Contía

A contía do prezo público regulado nesta ordenanza será a fixada na tarifa que segue a continuación:

Cada copia	Fotocopias realizadas no servizo das Bibliotecas municipais		Fotocopias realizadas no servizo do Arquivo Municipal	
	Tamaño DIN A4 c/u	Tamaño DIN A3 c/u	Tamaño DIN A4 c/u	Tamaño DIN A3 c/u
0,12 €	0,12 €	0,15 €	0,12 €	0,15 €

Artigo 4 : Obrigas de pagamento

A obriga de pagamento do prezo público regulado nesta ordenanza nace dende que se presta o servizo obxecto dela, quedando suxeito o réxime de autoliquidacións asisitida.

Artigo 5 : Exención.

Éximese ás entidades inscritas no rexistro de asociacións do concello e carezcan de ánimo de lucro, en relación as copias solicitadas relativas a calquera procedemento na que teñan a condición de interesados."

DISPOSICIÓN FINAL

A redacción da presente ordenanza fiscal entrará en vigor o día da súa publicación no *Boletín Oficial da Provincia* (BOP), comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro do 2010 e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.